

LA REVOLUCIÓN BAILANDO

Julia Rebato, Eli Martín, 2020

1085

ESTREA EN NUMAX: 27.03.2023 | V.O. | +7 | 64 min

Documental que percorre a historia de Las Chillers, un grupo musical referente do underground madrileño e da defensa dos dereitos LGTBIQ+. Son seis mulleres que se xuntaron co fin de divertirse e pasalo ben e que acabaron liderando unha revolución a golpe de música, amor libre e boa onda. Decidiron facer a revolución bailando e lanzar unha mensaxe feminista e libre. O seu compromiso activista e a circunstancia política e social que existía deulles o impulso para converterse en artistas.



Entrevista con Julia Rebato: «Fai falta ver o que está pasando no mundo»

Por Sonia Abbas

Cal foi o teu primeiro contacto con Las Chillers? Foi súper inesperado. O meu amigo Eli, o outro director do documental, avisoume de que estaba seguindo un grupo de rapazas en concertos e facendo gravacións.

Convidoume a un concerto, era o primeiro ano que tocaban no festival e contoume a súa historia. Motivoume o feito de que fosen mulleres, abertamente lesbianas e unhas punkis que se puxesen a facer versións do que lles dese a gana. Levantaban a todo o mundo do sitio

Hai documentais que son puramente de rodaxe, pero hai outros que tiran de imaxes de arquivo, como é o caso do voso. Como foi esa labor de recompilación?

Todas as imaxes de concerto son nosas. Eli levábaas seguindo case desde o primeiro momento no que comezaron a pisar os escenarios. O primeiro manifesto de Rocío, a primeira actuación, son imaxes de Julia Lombao que lles fixo un favor, pero todo o demais é noso. Eli seguíaas moitísimo e había 80 horas de material en bruto. Unha pasada. O que pasa é que ese material vaise limpando. O das entrevistas si que foi difícil. De feito, desde que rematamos o documental, Eli e eu quixemos sentarnos e ver as entrevistas con elas, pero organizar a Las Chillers foi complicado.

Anos despois, coñecín a Almudena, a irmá de Rocío e comprometeuse a axudarme a rematar o documental. Axudoume a xestionar as entrevistas no bar dunha amiga, El Fotomatón, e grazas a iso puidemos rematalo.

Nos últimos anos vimos moitos documentais sobre música, pero fan falta máis sobre activismo musical? Si, eu creo que fan falta máis documentais sobre activismo en xeral, non só no mundo da música. Fai falta ver o que está pasando no mundo e que haxa xente con coñecemento que se atreva a poñerse diante dunha cámara, subirse a un escenario como Las Chillers e dicir “aquí estou eu, estes son os meus dereitos e estou cansa de que non se respecten e que non se consigan”.

Como espectadora, que proxectos te apaixonan? Gústanme moito as historias que moven os dereitos sociais e humanos. As historias de superación. A viaxe do heroe, o personaxe que se atreve.

Estudei psicoloxía e na rama de psicoloxía gústanme moito os thrillers. A mente dun asasino ou asasina. Agora por exemplo estou vendo a serie *Killing Eve* (Phoebe Waller-Bridge, 2018-2022) e entusiásmame. No mundo da ficción son máis de thriller que de comedia e son máis de drama que de comedia, ao fin e ao cabo.

Cando sabe un que rematou o proxecto? É fácil soltar a obra? Eu creo que é algo sensitivo e intuitivo. Por exemplo, hai pouco escribín unha curta para un festival e non tardei moito en escribilo. Sinto que está acabado cando me emociona.

Pero logo hai outros proxectos que ao final é estar toda a vida escribindo. Teño un filme que escribín hai sete anos e aínda sigo reescribindo. Escribir é interminable. De feito, o último proceso de guión é na montaxe, porque por exemplo *La revolución bailando* fíxenme unha escaleta e cando estás na montaxe ves se funciona. O mesmo pasa co guión.